

PROGRAMA ERASMUS MOBILIDADE ESTUDANTES FP EN PRÁCTICAS

PROCESO DE SELECCIÓN

O IES LUIS SEOANE convoca, proceso de selección para que os alumnos dos Ciclos Formativos de Grado Superior que estean interesados en realizar a súa Formación en Centros de Trabajo (FCT) en empresas doutro país europeo.

O proceso de selección terá por obxecto avaliar os seguintes aspectos:

- ✓ Posuir autonomía na comunicación oral na linua estranxeira (inglés/francés/outra)
- ✓ Ser independente na xestión dos seus asuntos propios
- ✓ Estar motivado para vivir unha experiencia enriquecedora
- ✓ Ter un alto grao de madurez, responsabilidade, flexibilidade e adaptabilidade para afrontar con éxito un cambio de vida, costumes e contornas.

No proceso de selección teranse en conta os resultados do alumno solicitante, o seu coñecemento da lingua estranxeira (inglés/francés) e a súa motivación atendendo aos criterios do seguinte apartado.

CRITERIOS:

a) CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN

- O estudante deberá estar matriculado nun Ciclo Superior dos impartidos no centro educativo
- Deberá presentar solicitud de interese na participación no Programa Erasmus, nos prazos establecidos que se comunicarán con suficiente antelación, no tablón de aula, no blog de programas europeos (programas-europeos.blogspot.com) e no tablón de anuncios do centro.

b) CRITERIOS DE ELEXIBILIDADE

1. O estudante deberá posuir a nacionalidade dun país participante ou ser recoñecido polo país no que resida como refuxiado, aprátida ou residente permanente según a lexislación nacional
2. Ter un alto grao de madurez, responsabilidade, flexibilidade e adaptabilidade para afrontar con éxito un cambio de vida, costumes e contornas

c) CRITERIOS DE EXCLUSIÓN

Quedarán excluídos do proceso de selección:

1. Os alumnos que non superen/promocionen o primeiro curso do Ciclo Formativo de Grao Superior
2. Os alumnos, que por motivos de “Forza Maior”, renuncien a ser incluídos no proceso de selección. Esta renuncia deberá estar documentada.
3. A non presentación de documentos, ou a non asistencia a probas e á entrevista suporán a renuncia do alumno e a súa exclusión automática do proceso de selección.



d) CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os criterios de selección se basarán na avaliación dos seguintes aspectos:

- Coñecemento da lingua estranxeira vehicular da mobilidade
- Motivación e madurez persoal
- Información do titor e o equipo docente e o de selección da fase da entrevista
- Resultados académicos do solicitante

e) CRITERIOS DE CONCESIÓN

1. Serán beneficiarios dunha beca de mobilidade Erasmus para prácticas en empresas, os alumnos que superen as probas do proceso de selección
2. No suposto de que algún dos alumnos solicitantes non cumprisen cos requisitos do proceso de selección poderán quedarse desiertas as prazas e o centro abriría un segundo proceso de selección en data a determinar.
3. Os alumnos han cumprir os requisitos habituais establecidos para realizar a FCT, e, no caso de que se lles oferte un curso intensivo de idioma nativo previo á mobilidade, deben asistir ao mesmo.

PROBAS OBXECTIVAS-SELECTIVAS:

As probas a realizas serán as seguintes:

1.- Coñecemento do idioma vehicular das prácticas:

O alumno deberá ter coñecemento axeitado da lingua estranxeira que lle posibilite a realización da súa FCT no país de destino. Este coñecemento se valorará mediante o seguinte procedemento:

- ✓ Proba obxectiva de nivel de idioma estranxeiro: inglés e/ou francés
- ✓ No caso de idiomas distintos dos impartidos no noso centro educativo: valorarase a presentación de certificación oficial de algún dos seguintes organismos ou outros análogos: Escolas Oficiais de Idiomas e Institutos Universitarios de Idiomas, Exámenes da Universidade Cambridge (First Certificate, Advanced ou Proficiency), Alianza Francesa, Instituto Alemán, etc.

Esta fase ten carácter **eliminatório**.

2.- Entrevista persoal co alumno solicitante, levada a cabo polo equipo de selección formado por: coordinador do Programa Erasmus, membro do equipo directivo, orientador e docente de CC.SS.

NOTA: A composición do equipo de selección pode variar en función do perfil dos participantes no proceso de selección.

3.- Valoración do expediente académico do participante no C.F. que está a cursar.

BAREMACIÓN das probas:

Os alumnos que superen a proba eliminatória (ponderada cun **35%**) pasarán a ser baremados conforme ás seguintes **porcentaxes**:

- **40%** corresponde á valoración do equipo de selección que realiza a fase da entrevista personal acerca de: interese polo proxecto de mobilidade, compromiso de realización da mobilidade, madurez, responsabilidade, puntualidade, autonomía, traballo e actitude na aula.
- **25%** corresponde al expediente académico: media aritmética das cualificacións obtidas no primeiro cursoⁱ.

OBSERVACIÓNS:

No caso de NON CUBRIRSE A TOTALIDADE DAS AXUDAS no período inicial, procederase a abrir un novo proceso selectivo no que sol poderán participar:

- ☒ os alumnos preinscritos no Programa que non superaran a/s proba/s de idioma ou que non se presentaran a ela/s e
- ☒ os alumnos xa seleccionados, sempre e cando estes beneficiarios non poideran executar as súas mobilidades polos seguintes motivos:
 - a. Enfermidade que lle impidise o normal desenvolvemento das clases e a superación dalgún módulo ao término da avaliación previa á FCT.
 - b. Calquera outro motivo que a criterio do órgano seleccionador se considere que impidiu ou dificultou a superación dalgún dos módulos formativos na avaliación previa á FCT

Con este criterio, o centro pretende axudar aos alumnos con dificultades xustificables no seu acceso a FCT no estranxeiro baixo o programa Erasmus ao que mostran interese dende o primeiro curso e, incluso, superaron a fase eliminatória do proceso de selección.

ⁱ No caso de CC.SS. de dous cursos, aqueles módulos que non sexan superados, serán baremados con **0** puntos.